



NOTA INFORMATIVA

[ICA Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018]

1. SEMINARIO: “REPASO ORTOGRÁFICO E GRAMATICAL DA LINGUA GALEGA”

O Servizo de Asesoramento Lingüístico do Colexio de Avogados organiza este seminario co obxectivo de potenciar a calidade da redacción xurídica dos escritos da avogacía. A metodoloxía será práctica e contará con talleres de análise e tratamento de textos reais para a súa adecuación ás normas ortográficas e morfolóxicas do idioma.

Días: 4 martes (30 de outubro, 6, 13 e 20 de novembro)

Horario: de 19.00 a 21.30 h (10 horas)

Lugar: sala do ICA de Santiago

Prazas: 15

Inscripción e prazo: solicitude ao correo linguista@icasantiago.org, ata o 29 de outubro ás 14.00 h.

Matrícula: gratuíta para colexiados do ICA de Santiago; 100 € outras persoas interesadas

Imparte: Martín Ramos Insua, lingüista do ICA de Santiago

Certificación: expedida polo ICA de Santiago e pola Xunta de Galicia (asistencia mínima 75 %)

Programa:

1. Acentuación (regras e casos especiais). 2. O artigo (uso da primeira/segunda forma). 3. Formación do plural e do xénero (regras e casos dubidosos). 4. O pronome (colocación, te/che, lle/lles...). 5. Grupos cultos e terminacións (-cio/zo, -cia/-za, -aría/-ería, -ble/-bel, -cc/-ct-). 6. Signos de puntuación. 7. Manexo de recursos e ferramentas de apoio textual

2. RECORDATORIO: CONFERENCIA “OS PROCESOS CON XURADO E A SÚA PROBLEMÁTICA PRÁCTICA” (ESTA TARDE)

O Colexio de Avogados ofrecerá de forma **telemática** dende o salón de actos esta conferencia programada polo CXAE dentro do seu plan de formación “Conferencias dos luns”.

Día: luns, 22 de outubro

Hora: 16:15 a 19.30 h

Lugar: salón de actos (retransmisión telemática dende a sede do CXAE)

Custo: gratuíto

Inscripción: libre ata completar a capacidade do salón



Programa:

16.15 h Presentación da sesión

16.30 h

As peculiaridades do proceso con xurado e as cautelas do avogado como acusador ou defensor: unha visión básica

Relator: D. Sergio Herrero Álvarez. Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Xixón. Conselleiro do Consello Xeral da Avogacía Española

17.30 h Coloquio

18.00 h

As diferenzas probatorias, o obxecto do veredicto e a presunción de inocencia no proceso con xurado: unha visión avanzada

Relator: D. Luciano Varela Castro. Maxistrado do Tribunal Supremo

19.00 h Coloquio

19.30 h Fin da sesión

3. RECORDATORIO: TITORÍAS SOBRE LEXNET, TAXACIÓN DE CUSTAS E QUENDA DE OFICIO

A Xunta de Goberno, por proposta do secretario técnico, acordou na sesión do pasado 02.10.2018 a programación de titorías específicas para resolver de forma individual as posibles dúbidas sobre Lexnet, honorarios en taxacións de custas e quenda de oficio.

As titorías empezarán a estar dispoñibles dende o vindeiro 22 de outubro e programaranse de forma presencial de luns a xoves, en horario de 19.30 a 20.00 h, na sede principal do Colexio. Será necesario concertalas previamente na secretaria do colexio (tfno.: 981 581 713).

Titorías:

1. Lexnet: Carlos Polo (informático)

- Acceso
- Recepción de notificacións
- Envío de escritos
- Outras aplicacións relacionadas (AXGnet, Notific@, Sede Electrónica Xudicial)

2. Honorarios en taxacións de custas: Manuel Arza (secretario técnico)

- Contía do procedemento
- Aplicación da escala tipo
- Dúbidas habituais na elaboración de minutas para as taxacións de custas e aplicación dos distintos criterios



3. Quenda de oficio: Manuel Arza (secretario técnico)

- Dúbdas relacionadas coa xestión do servizo de asistencia a persoas detidas e quenda de oficio
- Declaracións trimestrais: como se declaran os distintos procedementos e as súas contías
- Distintas formas de presentar a solicitude de xustiza gratuíta (arts. 27 e 28)
- Condena ás custas a favor da persoa beneficiaria de xustiza gratuíta, etc.

4. LOTERÍA DE NADAL DO COLEXIO (NÚM. 48729)

Xa están dispoñibles as participacións do número da lotería de Nadal xogado polo Colexio (**48729**). Como vén sendo habitual, poderanse adquirir participacións de 5 ou 10 euros nas oficinas do Colexio (en Eduardo Pondal ou nos xulgados).